

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 27 de decembro de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 30 de decembro de 2016.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria do día 16 de novembro e á ordinaria do día 25 de novembro de 2016.
- 2.- Aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2017 do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo contra Incendios e de Salvamento e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017.
- 3.- Moción do Grupo Socialista sobre a integración dunha estrada local na Comarca da Limia na rede viaria provincial.
- 4.- Moción do Grupo Popular sobre a variante exterior de Ourense na alta velocidade ferroviaria.
- 5.- Moción do Grupo Socialista sobre a variante exterior para o acceso da alta velocidade.
- 6.- Moción do BNG para garantir a subministración eléctrica a persoas sen recursos.
- 7.- Moción do BNG en defensa da sanidade pública.
- 8.- Ratificación da aprobación dos novos estatutos do Consorcio do Centro Asociado da UNED.
- 9.- Moción de DO relativa a incentivar a conservación, posta en valor e a difusión dos aspectos filolóxicos, antropolóxicos, históricos e culturais en xeral, relacionados co barallete dos afiadores, o barallete dos xingros e outras xergas ou criptolectos en risco de inmediata desaparición.
- 10.- Moción do Grupo Popular para o apoio da rehabilitación do campamento romano de Portoquintela (Bande).
- 11.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva das bases do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017.
- 12.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva das bases reguladoras da convocatoria do concurso público do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para puntos de atención á primeira infancia e servizos

- complementarios dependentes de corporacións locais para o exercicio 2017.
- 13.- Mocións de urxencia.
- Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**
- 14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
- Presidencia: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de setembro e 1º de outubro de 2016.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 4º de decembro de 2015, 4º de xaneiro, 3º de febreiro, 3º de marzo, 3º de abril, 4º de maio, 4º de xuño, 3º de xullo, 3º de agosto, 2º de setembro e 1º de outubro de 2016.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de outubro de 2016.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de setembro e 1º de outubro de 2016.
 - Deputados que teñen delegada a presidencia de comisións informativas: desde xaneiro de 2016 ata decembro de 2016.
- 15.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,